



## CONCELLO DE MONDOÑEDO (LUGO)

### BANDO

D. MANUEL ÁNGEL OTERO LEGIDE, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MONDOÑEDO

### FAI SABER

O día 6 de abril de 2021 saíu publicada no DOG nº 63 a resolución de 26 de febreiro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións do Programa de axudas para contribuir a minimizar o impacto económico e social da COVID-19 nos alugueres de vivenda habitual, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento: VI432E)

**OBXECTO DAS AXUDAS:** a concesión de axudas ó aluguer ás persoas arrendatarias de vivenda habitual situada en Galicia que, como consecuencia do impacto económico e social da COVID-19, teñan problemas transitorios para atender ó pago parcial ou total do aluguer.

### REQUISITOS:

- Ter a nacionalidade española ou residir legalmente en España, no caso de persoas estranxeiras.
- Ser titulares, en condición de persoa inquilina, dun contrato de aluguer de vivenda situado no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia cunha duración mínima dun ano, formalizado no termos da Ley 29/1994, de 24 de novembro, de arrendamentos urbanos, con mención expresa da súa referencia catastral e do medio e forma de pago á persoa arrendadora.
- Estar ó día do pago da renda de aluguer correspondente ás tres últimas mensualidades inmediatamente anteriores ó primeiro mes para o cal se solicita a axuda, excepto que o contrato tivera unha vixencia inferior, nese caso deberá estar ó día do pago da renda dende o inicio do contrato. A estes efectos, non se admitirán os pagos das rendas que se efectúen en metálico, debendo acreditarse mediante documento bancario.
- Estar en situación de vulnerabilidade económica.
- Estar ó corrente das súas obrigacións tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social e non ter pendente ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma.
- Non estar incurso en algunha das circunstancias previstas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, e no artigo 10.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño.

**PRAZO DE SOLICITUDE:** ata o 30 de setembro de 2021

### INFORMACIÓN E TRAMITACIÓN:

Departamento de Servizos Sociais, situado nos baixos do Concello. Tfño: 982524003 Extensión 8

O que fai saber para xeral coñecemento

Mondoñedo, na data da sinatura dixitalmente á súa marxe polo alcalde do Concello de Mondoñedo  
D. Manuel Ángel Otero Legide.

